



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A ASOCIACIÓN CLÚSTER GALLEGO DE LA INDUSTRIA Y SERVICIOS DE APOYO AL DESARROLLO DE LAS ENERGÍAS RENOVABLES Y LA SOSTENIBILIDAD ENERGÉTICA (CLUERGAL) PARA O DESENVOLVEMENTO DA XORNADA "URBAN SOLUTIONS SIMPOSIUM"

REUNIDOS

Dunha parte, Pablo Fernández Vila, en nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia, en diante INEGA, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, 15703-Santiago de Compostela, e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 9/2022, do 9 de xuño, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

Doutra parte, José Ramón Franco Caaveiro, presidente da Asociación Clúster Gallego de la Industria y Servicios de Apoyo al Desarrollo de las Energías Renovables y la sostenibilidad Energética (en diante, CLUERGAL), entidade con CIF G70284120, de conformidade coas competencias establecidas no artigo 20 dos seus estatutos, aprobados o 24 de novembro de 2010.

As partes comparecentes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder abondo para abrigarse neste convenio e, para tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Segundo.- Que Cluergal é unha asociación sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, inscrita no rexistro de asociacións da Xunta





de Galicia co núm. 2011/015032-1, que ten por obxectivo ser un referente no sector da enerxía renovable en Galicia e nexo de colaboración entre a empresa, administración, universidade e centros de investigación; e como resultado da colaboración e das actividades da agrupación industrial lograr que Galicia sexa unha comunidade pioneira e líder en enerxía renovable e sustentabilidade enerxética, en todas as súas vertentes: xeración, uso, desenvolvemento industrial e de servizos asociados.

Por isto, entre as súas actividades, se inclúe a organización de eventos como a segunda edición do Symposium Urban Solutions. Cita sectorial única no seu ámbito que reunirá de novo a empresas, profesionais e administracións ao redor de seis bloques temáticos relacionados coas cidades: enerxía, mobilidade, iluminación, parques, infraestruturas e sustentabilidade. O evento celebrarase do 4 ao 6 de outubro na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

Terceiro.- A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razón de interese público, social, económico, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria. Neste caso, as razóns as que alude a devandita disposición normativa enténdense acreditadas por tratarse dunha asociación sen ánimo de lucro, que está interesada en asegurar a axeitada difusión e divulgación das enerxías renovables para a súa aplicación e aproveitamento nos diferentes sectores de actividade da nosa sociedade ó obxecto de adecualos ós actuais procesos de transición enerxética e descarbonización, desenvolvendo a segunda edición da xornada "" Urban Solutions Symposium, co fin de garantir a posta a disposición de información pública relevante e actualizada das tecnoloxías relacionadas coa transición enerxética e a descarbonización.

Por todo isto, as partes acordan subscribir este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.

OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular as condicións de cooperación entre o INEGA e CLUERGAL para a realización da xornada "Urban Solutions Symposium".

SEGUNDA. OBRIGACIÓNS DE CLUERGAL

- 1 Realizar a xornada "Urban Solutions Symposium" (o programa orientativo da xornada e o orzamento figura no anexo I deste convenio).
2. Deseño do contido da xornada.
3. Elaboración da documentación da actuación e facilitarlle copia ao INEGA.
4. Elección dos relatores e achegar todos os medios persoais, técnicos e materiais que permitan a realización da actividade e a impartición dos contidos.





5. Entregar un informe final das actuacións realizadas co seguinte contido mínimo:
 - a. Programa Final da xornada.
 - b. Número de asistentes presenciais e virtuais.
 - c. Relatores. Listado de relatores empregados (Currículo).
 - d. Lugar de celebración da xornada.
 - e. Material de apoio a formación e as outras accións. Manual e documentación empregada.
 - f. En todas as actividades realizaranse fotografías das xornadas nas que se vexa de xeito xeral os asistentes e relatores así como a publicidade da orixe dos fondos.
6. De conformidade co establecido nos artigos 11 da Lei 9 /2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 40.1 h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 7/2011, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas de CLUERGAL as seguintes:
 - a. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a sinatura do presente convenio.
 - b. Xustificar ante o INEGA o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da axuda.
 - c. Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo INEGA, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
 - d. Comunicar ao INEGA a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do presente convenio, así como a modificación das circunstancias que tivesen fundamentado a súa sinatura. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
 - e. Acreditar con anterioridade ao outorgamento da axuda que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma, na forma que se determine regulamentariamente.
 - f. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
 - g. Dar publicidade do financiamento por parte do INEGA do investimento que se subvenciona, consistente en incluír a imaxe institucional do INEGA e da Xunta de Galicia nos carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos audiovisuais, ou ben en mencións realizadas nos medios de comunicación.
 - h. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
 - i. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.





j. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

k. Subministrar toda a información necesaria para que o Inega poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transferencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

TERCEIRA. CONTÍA DA AXUDA

Para o desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, o INEGA achegará a cantidade de 2.500,00 € do seu orzamento de gastos para o ano 2023, con cargo a aplicación orzamentaria 05.A3.733A.481.0.

CUARTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. O pagamento a CLUERGAL farase nun único pagamento de 2.500,00 €, que se efectuará previa xustificación en forma e prazo das actuacións realizadas e a súa comprobación polo persoal do INEGA.

2. A xustificación das actuacións realizarase antes do 15 de decembro de 2023.

3. Coa conta xustificativa do gasto deberá achegarse xustificantes de pagamento ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.

Serán subvencionables os gastos en que se incorra con posterioridade a sinatura do convenio e estes acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente. O aboamento das facturas efectuarase dentro do prazo de 60 días seguintes a data de recepción da mesma.

4. Coa conta xustificativa de gasto, CLUERGAL deberá achegar:

- a. Unha declaración na que se indique as axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.
- b. Os certificados de que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma.
- c. Documento emitido pola entidade bancaria no que conste o número de conta (C.C.C.) a nome do beneficiario.

5. O INEGA resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxectivo do convenio.





QUINTA. MODIFICACIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a sinatura deste convenio, e, en todo caso, a obtención doutras axudas ou subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

SEXTA. REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

Calquera incumprimento do establecido no presente convenio, das obrigas dos beneficiarios que sinala o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega de documentación fraudulenta ou a desviación do obxecto do gasto a fins distintos dos estipulados neste Convenio, darán lugar á resolución convenio, coa obriga de reintegro parcial ou total das cantidades percibidas ata o momento tal e como establece o artigo 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a través do procedemento establecido polo artigo 37 e seguintes da mesma Lei.

SÉTIMA. SUBCONTRATACIÓN

Para o desenvolvemento desta actuación CLUERGAL efectuará as subcontratacións precisas de acordo co disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA. CONCORRENCIA CON OUTRAS SUBVENCIÓNS PÚBLICAS

Para a execución das actuacións previstas neste convenio poderanse percibir outras axudas, subvencións ou recursos destinados a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos internacionais sempre que o conxunto de axudas obtidas non supere o 100% do gasto elixible.

O incumprimento do disposto neste artigo considerarase alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

NOVENA. VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e terá vixencia ata o 30 de decembro de 2023.

DECIMA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscripción deste convenio non supón ningunha relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais de CLUERGAL que vaian a desenvolver as actividades e o INEGA, de tal xeito que non se lle pode esixir á entidade pública ningunha responsabilidade polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.





DÉCIMO PRIMEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar a correcta execución deste convenio constituirase, de común acordo entre as partes, unha Comisión de Seguimento, que estará composta por un representante de cada unha das partes asinantes, que terá como misión velar pola correcta aplicación e desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. PROTECCIÓN DE DATOS

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos de carácter persoal, en concreto, co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/45/CE.

Os asinantes manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que constan no presente convenio e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto."

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios, e de sancións da Xunta de Galicia.

DÉCIMO CUARTA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do convenio procedendo o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondentes as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

En especial, serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a. O transcurso do prazo de vixencia establecido sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo.
- b. O mutuo acordo entre as partes.
- c. A imposibilidade sobrevida para o cumprimento dos termos do presente acordo.
- d. A denuncia de calquera das partes formulada por escrito con quince días de antelación.
- e. O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.





DÉCIMO QUINTA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentar.

Respecto a este convenio, ó ter carácter administrativo, todas as diferenzas que poidan xurdir entre o INEGA e CLUERGAL, en relación coas cuestións controvertidas non resoltas no seno da comisión de seguimento, someteranse ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

O presente convenio rexeráse polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de Abril de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei; pola Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións públicas e o resto da normativa de aplicación.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio de colaboración na data indicada na sinatura electrónica.

Pablo Fernández Vila
Director do Inega

Por Resolución do 10/03/2017 de
delegación de competencias da
Presidencia da Axencia (DOG 27/03/2017)

José Ramón Franco Caaveiro
Presidente de Cluergal





Anexo I: Programa da xornada e orzamento

PROGRAMA:

Mércores 4 de outubro de 2023:

9:00- 9:30 h: RECEPCIÓN DE ASISTENTES

9:30-10:00 h: APERTURA INSTITUCIONAL

10:00-11:30 h: SESIÓN 1. TRANSICIÓN ENERXÉTICA NAS CIDADES

11:30-12:30 h: CAFÉ NETWORKING

12:30-14:30 h: SESIÓN 2. NOVOS MODELOS ENERXÉTICOS EN EDIFICIOS

14:30-16:00 h: ALMORZO NETWORKING

16:00-18:30 h: SESIÓN 3. NOVOS MODELOS DE MOBILIDADE

Xoves 5 de outubro de 2023:

9:00- 9:30 h: RECEPCIÓN DE ASISTENTES

9:30-11:30 h: SESIÓN 4. PARQUES URBANOS

11:30-12:30 h: CAFÉ NETWORKING

12:30-14:30 h: SESIÓN 5. INFRAESTRUTURAS URBANAS

14:30-16:00 h: ALMORZO NETWORKING

16:00-18:30 h: SESIÓN 6. SUSTENTABILIDADE

Venres 6 de outubro de 2023:

9:30-10:00 h: RECEPCIÓN DE ASISTENTES

10:00-11:30 h: SESIÓN 7. ILUMINACIÓN. SUSTENTABILIDADE

11:30-12:30 h: CAFÉ NETWORKING

12:30-14:30 h: SESIÓN 8. ILUMINACIÓN. TÉCNICA E INNOVACIÓN

14:30-14:45 h: CLAUSURA

14:45-16:00 h: ALMORZO NETWORKING





ORZAMENTO

O orzamento da xornada ascende a 34.000 €, segundo se desglosa na seguinte táboa:

	custe/Ud. (€)	Ud.	Importe (€)
Merchandising e material promocional	3.000	1	3.000
Catering	5.000	5	25.000
Campaña comunicación	500	3	1.500
Fotografía	1.000	3	3.000
Azafatas	500	3	1.500
TOTAL			34.000,00

